



# *lanzadeiras*

**tema 2: persoas**

**módulo 7**

**dirixe**



XUNTA  
DE GALICIA



tema 2: persoas

módulo 7

semana 2 | día 3

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

### ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

### ÍNDICE MODULAR

módulo 5 | sociedade

módulo 6 | participa

módulo 7 | dirixe

módulo 8 | escolle

### ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita  
Quijote  
Julio Iglesias







tema 2: persoas

módulo 7

semana 2 | día 3

lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

É moi difícil que unha orquestra funcione sen un bo director. Poida que as partituras estean ben escritas, poida que os instrumentos estean correctamente afinados, poida que os músicos sexan extraordinarios, pero se a batuta falla, a orquestra queda orfa. É por iso que, como líder da túa empresa, debes esmerarte en definir e en practicar un bo estilo de dirección desde o primeiro minuto en que a túa compañía se poña a funcionar.

Pero, en que consiste unha boa dirección? Unha boa dirección é aquela que se orienta a cumprir os obxectivos e as metas, non a maximizar os honorarios de traballo. É aquela que reparte as tarefas entre os membros do equipo en atención ás súas competencias, buscando sempre espremer as sinerxías internas ou asociacións. É aquela que exemplifica como ninguén os valores corporativos, que respecta e se fai respectar. É aquela que consegue aprender dos erros para convertelos nunha fonte de coñecemento acumulado que evite facernos caer dúas veces na mesma pedra. É aquela que media e lidera nos conflitos buscando esa conciliación que reforza os vínculos corporativos. É aquela que mide as forzas individuais do equipo para compensar debilidades e incrementar a fortaleza do conxunto. É aquela que utiliza a comunicación como ferramenta de fusión e progresión, nunca como elemento de murmuración, disgregación ou desunión. É aquela que dosifica a información de





tema 2: persoas

módulo 7

semana 2 | día 3

lanzadeiras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

maneira oportuna, poñéndoa ao alcance de quen a necesita para realizar o seu traballo na súa xusta medida. É aquela que reconece o esforzo do traballo ben feito e que pide opinión a todo o equipo antes de adoptar decisións transcendentales. É aquela que sabe ser flexible cando as circunstancias o esixen, facendo da versatilidade virtude, e inflexible cando o rumbo do temón non admite desviacións. É aquela que intúe, visualiza e espreme as oportunidades e, ao tempo, presenta, anticipa e elude as ameazas con singular mestría. É aquela que confía no seu equipo e o motiva, aumentando os niveis de automotivación e autoconfianza. É aquela que, chegado o caso, move e intercambia as posicións das pezas do equipo do taboleiro con firmeza e empatía, explicando os movementos de tal modo que se entendan como bos e imprescindibles no seo do equipo. É aquela que se rodea dos máis valiosos e oportunos, non dos máis cómodos ou dóciles. É aquela que reparte os galardóns e que asume as derrotas como propias. É, á fin e ao cabo, aquela que dirixe dialogando con disciplina e empatía, afastada da tiranía e o despotismo. E ti, que tipo de líder es?



tema 2: persoas

módulo 7

semana 2 | día 3

# lanzadebras

aprender do que outros fixeron con mestría


## exemplo



### O DREAM TEAM DE PEP

Real Madrid ou Barça. A eterna dúbida. Pero co liderado de Pep Guardiola ninguén dubida. O cambio de xestión que supuxo a súa dirección no equipo é o caso que exemplificará aos alumnos sobre o papel do liderado nos equipos.

Moitos din que o adestrador humanizou o fútbol, facendo que a afección crese no imposible. Facendo fincapé nos retos e en dar o máximo desde a humildade, Pep puxo o foco na importancia de ser un mesmo, dando exemplo de como a boa dirección depende da capacidade para conxugar creatividade, realidade e persistencia.



a hemeroteca de Paula





# lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

## videotutorial

### RATATOUILLE

<https://www.youtube.com/watch?v=Ff3CKVtOgV0>



a videoteca de Alba

O traballo en equipo é unha parte moi importante en todo negocio. Para que as cousas saian ben é necesario ter alguén que dirixa e lidere en grupo.

Na parte final da película Ratatouille vemos como, nun momento de crise, a organización salva o restaurante cando as persoas que traballan no equipo manifestan boa actitude e compromiso.

Finalmente, dámonos conta que calquera pode ter talento e pode achegar as súas ideas para beneficio do conxunto.

